



II CONCURSO COREOGRÁFICO

A Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo organiza o “II Concurso Coreográfico” que se celebrará o sábado 20 de maio de 2017 no Cine Teatro.

- A participación está aberta a rapaces e rapazas nados entre 2008 e 1997, ambos incluídos.
- Serán válidos todos os estilos de danza: clásica, contemporánea, moderna...
- As coreografías serán orixinais e creadas polos integrantes do grupo.
- En ningún caso poderán exceder os tres minutos e trinta segundos de duración (3'30"). As coreografías que non respecten esta duración expóñense a ser descalificadas.
- Categorías:
 - I. “Solo” e dúos.
 - II. Grupos A (tres ou máis integrantes dos que algún ou todos/as os/as compoñentes asistan a clases de danza)
 - III. Grupos B (tres ou máis integrantes non asistindo ningún deles a clases de danza)

*Aceptaranse un máximo de 10 inscricións en cada categoría.
- O xurado estará composto por profesorado da EMMeD de Ribadeo, valorando a orixinalidade, expresividade, sincronización e execución da coreografía.
- As inscricións realizaranse presencialmente na EMMeD ou no enderezo electrónico esmu.municipal.ribadeo@edu.xunta.es indicando categoría na que se inscribe, número de integrantes, título da coreografía, duración, persoa de contacto, teléfono e email. O prazo para inscribirse comeza o día 3 de abril e remata o día 28 de abril de 2017. As prazas son limitadas e aceptaranse por rigorosa orde de chegada, quedando en lista de agarda as que non se atopen entre as dez primeiras de cada categoría.
- A inscrición no concurso supón a total aceptación destas bases.